

## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)



Concello  
de Meira

### ESTUDIO DE MERCADO EN RELACIÓN AO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO PÚBLICO DO INMOBLE MUNICIPAL SITO NA PRAZA MAIOR DE MEIRA.



## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)



Concello  
de Meira

O Concello de Meira conta dentro do seu Patrimonio cun inmobile sito na Praza Maior e que foi adicado desde o 2010 ao uso de bar-cafetería.

A Praza Maior de Meira é o centro da actividade comercial do Concello, xa que nela reside ou circula todo o entramado urbano e con el da vida social e municipal.

A vila de Meira, ao ser cabeceira de comarca, ten un importante volumen de actividade vinculada á rede de servizos da que se sirven as persoas dos concellos limítrofes: Riotorto, Ribeira de Piquín, Pastoriza e Pol.

Por outra banda, a feira que de xeito quincenal se desenvolve os domingos na Praza Maior de Meira, constitúe un importante atractivo comercial para a poboación da comarca.

A maiores, a estrada N-640 que comunica Lugo con Oviedo segue a ser o principal nexo de comunicación e vertebra a capital co norte da provincia e Asturias. Ao seu paso por Meira ten o principal punto intermedio.

O local conta cuns 79 metros cadrados tal e como consta no Catastro.

É unha zona urbana onde se atopa o entramado urbano e a rede de servizos básicos que constitúen o núcleo urbano.

A recente construción do Centro Residencial de Meira e cuxo orzamento de execución material acadou os 2 millóns de euros supón un importante elemento dinamizador da zona e para a que se conta coa súa apertura definitiva en servizo durante o ano 2021. Dita infraestrutura conta con 50 prazas de atención residencial e 30 de centro de día.

No ano 2018 a Praza Maior do Concello de Meira sufriu unha importante reforma e reestruturación na súa configuración e que foi financiada co Plan Único Provincial de Cooperación cos concellos da provincia. Para elo, levouse a cabo un investimento duns 125.000,00 €, creando unha Praza máis funcional e accesible para as persoas e os peóns.



## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)



Concello  
de Meira

O Concello de Meira licitou no ano 2010 mediante un contrato de arrendamento o uso do Bar-Cafetería da Praza Maior por un prazo de dez (10) anos cun prezo base de licitación de 550,00 e mensuais máis IVE.

Se ben durante estes anos os prezos dos bens e servizos sufriron unha revalorización tal e como se acredita polo Instituto Nacional de Estadística (INE) dun 10,1% no período comprendido entre setembro do 2010 e setembro do 2020, tamén existen outros elementos que atenúan esta circunstancia. A crise económico-financeira que se viviu nos países occidentais no ano 2008, provocou efectos adversos no emprego e na economía que se mantiveron ata ao ano 2013.

Despois dunha etapa de relativo crecemento económico, durante o presente ano 2020 a crise sanitaria derivada do COVID-19, está a suponer un duro golpe para a economía e o tecido comercial e de servizos.

Entre os sectores máis dagnificados por esta nova situación está o da hostelería que se viu obrigada a pechar durante varios meses e que nestes momentos tamén en distintos lugares ten importantes restricións e limitacións en canto aos horarios de peche e de servizo.

Aínda que desde as distintas administracións públicas se están a articular sistemas de axudas para mitigar os efectos desta situación adversa, o feito de non poder desenvolver con normalidade a actividade comercial implica sempre prexuízos e polo tanto perdas económicas irrecuperables.

Por outra banda e tendo en conta os prezos predominantes no mercado local, no tocante aos alugeres de locais adicados á restauración e ao negocio de bar-cafetería, os prezos que se están a manexar a situación actual, se baralla unha horquilla de prezos entre 1.000,00 e 1.200,00 €.

Dado o principio de prudencia que debe presidir a xestión dos recursos públicos así como o de tentar conseguir o máximo rendemento dos bens patrimoniais propiedade da administración local, é polo que se entende apropiado un prezo de saída de 550,00 € mensuais en concepto de renda máis o IVE correspondente.



## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)



Concello  
de Meira

Esta contía, estará suxeita ás actualizacións que se deriven da aplicación do IPC ou calquera outro índice de precios que o substitúa.

Meira, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Asdo. Antonio de Dios Álvarez



Cod. Validación: RC44AMNDE5Y7K4DHG5FJF2NKP | Corrección: <https://meira.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4